


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/09/2021 14:06:14

SAIDA 14737/21



Reclamante: [REDACTED] en representación [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 98/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da [REDACTED] mediante escrito do 13 de xullo de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de xullo de 2021, unha reclamación ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante o Concello de Moaña, referente á obtención de copia do informe do técnico municipal da inspección das obras no S.A.U. A-7 Residencial Golf Domaio.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude.

Segundo. Con data do 22 de xullo de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Moaña para a remisión de informe sobre a reclamación e copia do

expediente tramitado. A solicitude de informe reiterouse con data do 19 de agosto de 2021, a requirimento do Concello do seu envío a través de sede electrónica.

Terceiro.- Con data do 25 de agosto de 2021, o Concello remite oficio no que comunica que relacionado con este expediente, o 2 de agosto remitiu contestación a outra petición relacionada coa caducidade de varios expedientes de obra do Residencial Golf Domaio e que se está a revisar o estado de cada un dos expedientes para mirar a posibilidade de instar a súa caducidade e que están pendentes de informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que o Concello non resolveu expresamente a solicitude de acceso á información presentada con data do 11 de xuño de 2021, debe admitirse a reclamación presentada o 13 de xullo de 2021 por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A entidade interesada solicitou ao Concello, copia do informe do técnico municipal da inspección das obras no S.A.U. A-7 Residencial Golf Domaio.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse ao Concello en dúas ocasións a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe e copia do expediente. O Concello remitiu un simple oficio no que non informa sobre a reclamación presentada, fai referencia a un escrito remitido o 2 de agosto relacionado con outra petición sobre caducidade de varios expedientes de obra no citado residencial e que se está a revisar o estado de cada un dos expedientes para mirar a posibilidade de instar a súa caducidade estando os mesmos pendentes de informe.

A entidade interesada solicitou copia dun informe emitido por un técnico municipal sobre as obras, informe que no caso de que non exista, feito que o Concello non nega, debe ditar resolución expresa sobre a súa inexistencia. No caso de que o informe exista, debe considerarse que é información pública por tratarse dun documento elaborado polo Concello no exercicio das súas funcións, e por tanto á que a entidade solicitante ten dereito. A Comisión non ten información sobre o contido do documento solicitado, en que medida poden verse afectados por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, ou en que medida podería darse, de ser o caso, a información despois de disociala para garantir o dereito de acceso a información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da Lei 19/2013).

Dada a falta de alegacións en contra por parte da administración, en beneficio do interese público ao acceso á información pública non afectada por límite legalmente previsto, debe aportarse a información pedida, aínda que con carácter previo debe examinarse a mesma e, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse

afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaón de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Así mesmo, debe lembrarse ao Concello de Moaña, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de remitir a esta Comisión os informes e copia de expediente que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA


Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación [REDACTED] con data do 13 de xullo de 2021, contra a a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso ante o Concello de Moaña, do informe do técnico municipal da inspección das obras no S.A.U. A-7 Residencial Golf Domaio.


Segundo: Instar ao Concello de Moaña a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada no senso establecido no fundamento xurídico quinto, respectando os límites dos artigos 98 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.


Terceiro: Instar ao Concello de Moaña a que no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.


Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



 (+34) 981 56 97 40

 Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña

 info@comisiondatransparencia.gal

 www.comisiondatransparencia.gal

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:

S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:24:49 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.